

16/2020. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 8 DE OUTUBRO DE 2020.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as oito horas e trinta e seis minutos do día oito de outubro do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria urxente e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir a súa celebración en condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asisten, con excusa, os concelleiros D. Iván Martínez González e D. Genaro Prieto Iglesias.

Actúa como secretario accidental o funcionario, D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicación efectuada á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia en data 01.10.2020, ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 822/2020, de 01.10.2020.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, bos días, comezamos esta sesión extraordinaria urxente do Pleno. En primeiro lugar para e... bueno, excusar aos concelleiros de Esquerda Unida, Iván e Genaro, que non poden asistir por motivos persoais. E en todo caso proceder á ratificación, se procede, do carácter urxente da convocatoria. Bueno, a urxencia da convocatoria ven motivada pola comunicación da Xunta de Galicia referente á sinatura urxente do convenio, que se nos pasou o 28 de setembro, e que nos obrigaba en certa medida a telo definitivamente mandado o día 8 de... hoxe, como último día, aínda que se pediu, obviamente, que eran unhas datas moi complicadas porque non tiñamos secretario, etc, etc, pediuse un aprazamento do tema pero dixeron que era imposible, porque tiñan moita presa con este asunto e que tiñan que desconxestionar o convenio e... e bueno, non foi posible pedir máis tempo. En todo caso o Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano, obviamente é un novo convenio que é preciso levar a pleno, porque as prórrogas do anterior están esgotadas, e polo tanto procedería, para que puideran disfrutar dos servizos os nosos cidadáns, obviamente a sinatura deste convenio. Bueno, esa é a ratificación da urxencia, entón votamos primeiro a urxencia, votos a favor.

E tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia sométese a votación o carácter urxente da convocatoria, e o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda ratificar o carácter urxente da convocatoria.

2.- CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE FERROL

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois entón pasamos ao segundo punto, que é o Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ferrol. Bueno, ven ditaminado da comisión de facenda, ven cos informes favorables de intervención e secretaría, e obviamente a proposta que se trae, que puidéchedes mirar, bueno, é, prestar aprobación, o punto número un é prestar aprobación ao “Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ferrol”, co texto que obra no expediente, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo, e con suxeición plena a todas as súas cláusulas. Segundo, autorizar a adopción do compromiso de gasto plurianual de acordo co establecido no artigo 174.5 do Real Decreto 2/2004 debido a que non se cumpren coas porcentaxes indicadas no artigo 174.3. O terceiro, comprometer a consignación nos orzamentos do 2021, 2022, 2023 e 2024 os importes necesarios para facer fronte aos gastos que implica a execución do convenio. E catro, facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, para que, en representación do Concello, proceda á sinatura do convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo. Esa é a proposta que ven a votarse e polo tanto pois abrimos un turno de intervencións. Se alguén quere intervir... nada, bueno, ven ditaminado da comisión, falouse alí, supoño, sobre este asunto, e dado que non hai palabras pois sometemos a votación o asunto. Votos a favor.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada pola alcaldía en data 07.10.2020, os informes emitidos pola secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, e o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá realizada en data 07.10.2020, por unanimidade, **ACORDA:**

1.- Prestar aprobación ao “Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ferrol”, co texto que obra no expediente, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo, e con suxeición plena a todas as súas cláusulas.

2.- Autorizar a adopción do compromiso de gasto plurianual de acordo co establecido no artigo 174.5 do RDL 2/2004 debido a que non se cumpren coas porcentaxes indicadas no artigo 174.3.

3.- Comprometer a consignación nos orzamentos do 2021, 2022, 2023 e 2024 os importes necesarios para facer fronte aos gastos que implica a execución do convenio.

4.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, para que, en representación do Concello, proceda á sinatura do convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois queda aprobado entón o convenio. Pois nada, sen outro motivo para continuar levántase a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as oito horas e trinta e nove minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario accidental, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE,